

# Onstopus

**Xornal:** anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº12 / Ano: 2020 / 2º xornal Mes de agosto / Estado de moito sentidiño

## ONS ARQUEOLÓXICA

Seguimos situados no barrio de Canexol e nas súas proximidades, zona arqueolóxica de Ons por excelencia. Agora imos ver a Cova dos Mouros, moi relacionada co Castro e que conta cun número amplío de lendas interesantísimas.

Esta Cova, podería ser un refuxio para os habitantes do Castro e, á vez, segundo contan as lendas, unha zona de escape ou de refuxio en caso de perigo. Falan de dúas galerías, unha que conducía á banda leste e que chegaba preto do Illote do Cairo e a outra que ía cara ao oeste e que remataba nunha furna da Enseada de Caniveliña. Foi estudada por xeólogos e por membros do CSIC, aínda que pensamos que habería que facer algún tipo de escavación interior para quedar descartado o tema das galerías ou verificar a súa existencia.

Páx. 1

Camiño que bordea o Castro e que nos leva á Cova dos Mouros.



## ONS NA MEMORIA

### FESTA DE SAN XAQUÍN

As festas de San Xaquín en Ons eran moi famosas en todas as Rías Baixas. A ela acudían persoas das bisbarras do Salnés, Barbanza e do Morrazo.

Este ano a pandemia provocará que non sexan como sempre, pero aquí vos deixo uns pequenos recordos das festas entre os anos 1975-1990.

Páx. 4



## CONTOS DE TABERNA

### O PINTO DE 7 KG

Alvarito, tremendo pescador, fóra da Illa lanzou e <firme>, pinto de “7 kg”, aínda que sabendo a historia do cazador, decidiu rebaixarlle quilos, non fose a se-lo conto!!!

Páx. 2

## A ILLA DOS FAMOSOS

Dende que Cesáreo e Pepe de Miro se meteron no mundo do cine na película, aínda sen estrear, “ONS”, non deixan de chegar actores e famosos a Ons coa teima de coñecelos.

Páx. 3

## POSIBLES VERTEDEURAS AO LADO DO PEIRAO

O pasado 10 de agosto liamos no Faro de Vigo que varios veciños denunciaban posibles vertidos fecais nas proximidades do peirao, preto de onde descarga a depuradora de augas residuais.

PineirÓns, a través dos Informes que envía anualmente a Parques e á Consellería, comunica os malos cheiros que hai no verán na zona de Curro e que coidan poden provir dun mal funcionamento das dúas depuradoras que hai a carón das casetas dos mariñeiros.

Páx. 3



## OUTRO NOVO TOPÓNIMO

<Os Chepudos> Localizado na zona oeste da Illa entre dous nomes xa coñecidos.

Páx.3



# ONS ARQUEOLÓXICA

## A COVA DOS MOUROS NA ILLA DE ONS

No ano 2014, escribía no Faro de Vigo esta pequena nota sobre a Cova dos Mouros.

*Hai uns días saía na prensa que un grupo de científicos explorara a Cova dos Mouros, situada na Illa de Ons, no barrio de Canexol ao lado do castro. Falaban da súa pequena lonxitude tendo en conta as lendas que falan de que chegaba ata o mar e que non atoparon restos de derrubes no seu interior.*

*Ons é unha illa con innumerables lendas. Historias que naceron dun dos máis duros illamentos, tanto persoal como institucional, que sufriu unha comunidade en Galicia. Estas circunstancias provocaron o nacemento dunha riquísima cultura popular que, de non remedialo favorecendo estudos e animando aos investigadores, pronto non a coñeceremos nin polos libros.*


*A Cova dos Mouros, actualmente, ten unha minúscula entrada en forma de triángulo isósceles duns 40 cm. na súa base que dificulta moitísimo a súa entrada. Traspasada, entramos nunha pequena cámara que ten dúas aberturas a ambos lados. Por unha delas, a máis ancha, poderemos baixar arrastrándonos sentados e atoparémonos cun pequeno corredor que en dirección sur nos permite movernos arredor duns 10 - 15 metros, quedando logo pechado polo que eu penso que foron derrubes, pois, no ano 1974 un pequeno buraco permitía crer, coa luz da lanterna, que podería proseguir o corredor. Xa, por aquelas datas, chegaran a Ons uns investigadores que despois de facer unha primeira exploración, pensaban achegarse de novo e, provistos de bombonas de osíxeno, intentar comprobar se o corredor continuaba, facendo algún tipo de escavación. Non sei se volveron de novo.*

*Os veciños de Ons din que a entrada era grande e que a rocha que forma a estreita entrada, por mor dalgún derrube ou movemento de terra, caeu deixando só ese minúsculo paso. Falan de que había un oco á dereita que con pequenos chanzos baixaba a outra galería máis longa e que nela atoparon moitos utensilios de cerámica que foron levados á escola. Esa galería acababa nun corredor grande polo nunca se atreveron a seguir pois, dicían, quedaban sen respiración, pero que chegaba ata a Cova de Caniveliñas, mesmo debaixo do castro.*

*Ten moitas lendas, a máis coñecida é a que di que era o lugar onde os habitantes do castro tiñan as súas pertenzas máis prezadas agochadas e, se se vían atacados, escapaban por ela ata, uns din, o illote de O Cairo situado no mar fronte ao castro e outros ata a Cova de Caniveliñas, no oeste, lugares onde tiñan os seus barcos preparados para a fuxida.*

*Na cova, ao escapar, deixaban tres barrís, o primeiro cargado de moedas e xoias pouco valiosas que aportaran entre todos co fin de que, cando o atoparan os seus perseguidores, se pelexaran polo seu contido. Logo poñían outro cargado de veneno oculto entre apetitosa comida que, de comelo, perecerían en poucos segundos e xa por último outro con dous compartimentos, un pequeno na parte superior con moedas e outro na parte inferior con pólvora que, ao abrir a tapa, estouparía. Así, á vez de causar baixas ao inimigo, gañaban tempo para a fuxida.*

*Ons é unha Illa de lenda. A Cova dos Mouros é un minúsculo episodio desa interesante cultura, só falta quen se poña ao traballo de estudala e dala a coñecer.*



Fotos de arriba abaixo:

- 1.- Entrada da Cova dos Mouros (1976)
- 2.- Cámara nada máis entrar. Foto: CSIC
- 3.- Illote do Cairo, ata onde chega o pasadizo. (2013)
- 4.- Tinón saíndo da Cova dos Mouros (1976)
- 5.- Interior da Cova. Foto: aterrageo.wordpress.com



### COVA DOS MOUROS

Con respecto a este resto arqueolóxico, hai que dicir que foi visitado e traballado por especialistas, falamos de membros do CSIC, espeleólogos e científicos. De todos os xeitos e debido á miña experiencia que a visitei e puiden comprobar como ao final había un pequeno oco que, coa lanterna, comprobabamos que tiña unha continuación, debería explorarse máis exhaustivamente.

## CONTOS DE TABERNA

### O PINTO DE 7 KG.

Un día chegou un pescador a un dos bares da Illa e comentou que collera un Pinto de 7 Kg. Todos o miraron abraizados, loxicamente, non dando crédito ao que dicía, pero calaron.

Deuse a casualidade que na barra estaba un cazador e todos sabemos que, tanto pescadores como cazadores, son un pouco fantasmañas á hora de contar as súas fazañas.

Pepe da Illa, que e atopaba de mirón na mesa da partida, en plan vacilón, díxolle ao cazador:

- Os cazadores non colledes pezas así, como os pescadores. Aínda hai clases!!!

O cazador, que non era da Illa, mirando a mofa con que ían a comezar os mariñeiros, dirixíndose ao pescador do pinto de 7 Kg, díxolle:

- Pois eu un día, andando á caza maior nos Ancares, de súpeto, atopeime diante cun oso
- E que fixeches? – Díxolle o pescador do pinto.
- Pois carguei a escopeta e Pam, Pam, cargueimo.
- Non me digas!!! – Díxolle o pescador.
- Homeee!! Pero iso non foi todo. Cando estaba co oso no chan, non chegou o Garda Forestal!!
- Joer, cagáchela, non? – Díxolle de novo o pescador.
- Hoooomme, pensei, un oso, especie protexida, nun parque natural,...., vaime caer unha boa!!! E collín, cartucho á escopeta e, Pam, Pam,...., alí foi tamén ao Garda Forestal.
- Mi madreeeee!!!, boa armaches, non si!!!
- Pois iso non foi o peor, non había unha parella detrás duns arbustos facendo os deberes, e miraron toda a manobra.
- Josú, aí estabas perdido, non?
- Que va!! Dous cartuchos a escopeta, e Pam, Pam,...., alí foron tamén!!
- Meu Deus, fuches capaz!!!
- Pois si, pero aínda non remata aí a cousa, non acababa de chegar un autobús escolar cargado de rapaces e todos miraran o que fixera!!!
- Meu Deus, meu Deus, meu Deus,...., non cometerías unha loucura?
- Pois mira, *como non lle quites 5 Kg ao Pinto, cargo a escopeta de novo, carallo!!!!*



*Alvarito, cun Pinto de, case, 7 kg, pero como non quería arriscarse a que o cazador tamén cargara a escopeta, decidiu deixalo en 3'5 Kg, que xa lle chega, carallo!!!*

Circular Núm. 283

Suministro extraordinario a los pescadores de la Isla de Ons:

Habiendo acudido a esta Jefatura una comisión de pescadores de la Isla de Ons, exponiéndome la difícil situación por que atraviesan en cuanto al abastecimiento de

alimentos, debido a las malas cosechas obtenidas en la campaña actual, he decidido prestarles ayuda, entregándoles un dotativo de 4,800 kilos de maíz, procedentes de un decomiso efectuado por la Fiscalía Provincial de Tasas, y de 5,000 kilos de patatas, y para ello se ha trasladado el día 7 del corriente a dicha isla un funcionario de esta Delegación Provincial, para realizar entre las familias que habitan la isla el referido suministro.

Pontevedra, 10 de noviembre de 1945. — El Gobernador Civil.

EL PUEBLO GALLEGO

11 de noviembre de 1945

### A Comisaría General de Abastecimientos y Transportes

O 10 de novembro de 1945 fai pública unha Circular co nº 283, onde ordena facer unhas doazóns aos veciños da Illa de Ons de produtos alimenticios debido ás malas colleitas dese ano e alí mandan a un funcionario da súa Delegación Provincial para que o faga efectivo por orde do Gobernador Civil da Provincia.



*As terras illáns non sempre deron boas colleitas.*

## POSIBLE MAL FUNCIONAMENTO DAS DEPURADORAS

Pineiróns, no Informe enviado a Parques este ano 2020, con respecto ás problemáticas atopadas no 2019, no punto correspondente ás depuradoras, dicía o seguinte:

(Ter en conta que, sobre este tema, Pineiróns leva anos solicitando unha revisión por parte de persoal técnico especializado para comprobar o seu bo funcionamento, así como, no verán, estar vixiadas por persoal experimentado.)

### 1.7.- Depuradoras, malos cheiros e graxa na auga das praias das súas proximidades.

Neste apartado, dicir que, por días, seguimos comprobando malos olores no barrio de Curro.

Con respecto á graxa que ás veces aparece nas augas da parte norte da praia de Area dos Cans, dicir que durante o verán de 2019, os días que estivemos nesa parte da praia non notamos esa graxa que outros anos si viamos flotar sobre a auga do mar.

Debido a que a situación do mal funcionamento da depuradora sigue, poremos aquí as mesmas suxestións do ano 2018.

### SUXESTIÓN:

- Coidamos que se debería facer un estudio e control exhaustivo destas depuradoras para comprobar o seu funcionamento real, evitar os malos olores e a posible contaminación das augas no seu radio de acción.
- Coidamos que as probas de control deberían facerse en varios puntos da zona de rochas entre o peirao e a praia de Area dos Cans.
- Consideramos que se algunha das depuradoras non funciona ou o fai dun xeito pouco fiable, se estudie o cambio desta.
- De funcionar ben, ou cando funcionen ben, aumentar a máis casas o engancho a esta.




Foto arriba: Zona onde apareceron as posibles verteduras. Agosto 2020.

Foto abaixo: Chegada a Ons da última depuradora. 2012



## OUTRO NOVO TOPÓNIMO EN ONS “OS CHEPUDOS”

Falando cos veciños na mesa da partida na de Checho que, por certo, este verán non deixaron xogar por mor do Covid-19, xurdiu, falando dos nomes dos cons, o topónimo <Os *Chepudos*> que son dúas rochas que se atopan na banda oeste, xusto no medio entre “A Posta de Chumbé” e “Onde Morreron os Homes”. Son dous cons que teñen forma como de chepas e era unha posta de pesca cando na Illa estaba permitida a pesca deportiva. Outro topónimo novo a xuntar aos xa mencionados.

## FAMOSEO POLA ILLA DE ONS

A mediados do mes de agosto visitaron a Illa de Ons un bo número de famosos e artistas de cine, tanto galego como nacional. Quizais, a carón de coñecer esta engaiolante Illa e probar o seu polbo en caldeirada, unha das posible razóns de tanto visitante “especial” sexa o ter a oportunidade de coñecer aos grandes actores locais, como son Cesáreo e Pepe de Miro, que ultimamente acaparan as portadas dos periódicos máis prestixiosos, revistas e televisión.

As últimas en pasar foron Gloria Camila e Rocio Flores, filla e neta de Rocio Jurado, que non dubidaron en fotografarse, ao lado da mesa dos Pineiróns, coa mellor *Pulpeira de Galicia*, Palmira Acuña. Foto: Faro de Vigo.



# ONS NA MEMORIA A FESTA DE SAN XAQUÍN



## A FESTA DE SAN XAQUÍN NA ILLA DE ONS

Este ano, parece que non imos poder deleitarnos coa Festa de San Xaquín na Illa de Ons pois Covid-19 non vai permitir que se celebre. Será a primeira vez, polo menos que eu recorde, en 46 anos que non se vai celebrar co esplendor que se facía.

Se o tempo o permite, parece ser que haberá misa e unha charanga, patrocinada polo concello de Bueu, paseará a súa música pola Illa, intentando non saltarse en ningún momento o protocolo Covid.

Deixarei para outro intre o comentar as Festas de San Xaquín e nesta páxina poreivos unhas Fotos no Recordo de diferentes anos.

